

PROGRAMAS DE SUBVENCIONS E AXUDAS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA (PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DO EMPREGO DAS PERSOAS NOVAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL)

PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO DAS PERSOAS NOVAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

Obxecto do programa: Promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que faciliten a creación do seu propio posto de traballo **ás persoas desempregadas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil** que, pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

Subvencionaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nela, se formalicen desde o 1 de outubro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016, ambos inclusive.

Normativa: Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo das persoas novas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG nº 248 do 30 de decembro de 2015).

Prazo:

- O prazo para a presentación de solicitudes de axudas do programa para a promoción do emprego autónomo finalizará o **30 de setembro de 2016**.
- Serán subvencionables as altas no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade profesional desde o 1 de outubro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016.

Máis información:

<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=TR&codProc=341J&procedemento=TR341J>

Sistema Nacional de Garantía Xuvenil

<http://www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/accesoJovenes.html>

PROMOCIÓN DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

Obxecto do programa: Incentivos á contratación indefinida inicial a tempo completo ou parcial, incluída a modalidade de fixo-descontinuo, que realicen as empresas e as entidades empregadoras con persoas mozas desempregadas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil coa finalidade de favorecer o seu emprego estable e facilitar a súa empregabilidade e ocupabilidade.

Serán subvencionables ao abeiro deste programa as contratacións indefinidas realizadas desde o 1 de novembro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016 formalizadas con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Normativa: Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, con cargo ao Programa Operativo de Emprego Xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (DOG Nº 248, do 30 de decembro de 2015).

Prazo:

- O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas neste programa comezará ao día seguinte da publicación da presente orde e rematará o **30 de setembro de 2016**.
- Se a contratación subvencionable se formaliza entre o 1 de novembro de 2015 e a data de publicación desta orde, o prazo de presentación de solicitudes será de 2 meses desde a entrada en vigor da orde.
- As axudas establecidas nesta orde polas contratacións subvencionables formalizadas a partir da entrada en vigor desta orde, deberán solicitarse ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral e, en todo caso, respectando o prazo xeral do 30 de setembro de 2016.

Máis información:

<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=TR&codProc=349L>

Sistema Nacional de Garantía Xuvenil

<http://www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/accesoJovenes.html>

Novos incentivos para a contratación de persoas novas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil
Ministerio de Trabajo e Seguridade Social

http://www.empleo.gob.es/ficheros/garantiajuvenil/documentos/Folleto_Nuevos_Incentivos.pdf